

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

MÚSICA

Un disco para 'Colorín'

Eloi Caldeiro musicou once poemas de 'Roseira do teu mencer', nun disco dirixido especialmente aos pícaros.

Redacción - 14:02 15/05/2008

En 1950 Xosé María Álvarez Blázquez publicou *Roseira do teu mencer*, que autores como Darío Xohán Cabana consideran "a máis alta expresión do sentimento paternal nas nosas letras". Acababa de nacer a súa primeira filla, María Luisa, máis coñecida por todos por Colorín. E desa emoción, do "amor desmesurado" que sempre sentiu por ela, naceron os poemas que conforman o libro. Eloi Caldeiro, director de [Sons Galiza](#) e líder de Brath, musicou once dos poemas do libro, que compoñen un CD titulado, precisamente, *Colorín*. O CD véndese cun documental en DVD, realizado tamén polo músico, no que percorre a vida de Álvarez Blázquez a través de entrevistas a familiares e amigos.

O álbum está dirixido especialmente aos nenos, para os que segundo Caldeiro moi poucas veces se pensa en facer música en galego. Caldeiro e Sons Galiza van recuncar nesta teima e preparan xa para o Nadal dous novos discos, un de cancións infantís e outro de contos. Os temas de Colorín serán interpretados nos vindeiros meses deste ano Álvarez Blázquez en varios concertos que terán os pícaros precisamente como destinatarios.

Roseira do teu mencer é un libro espido de artificios, cuxos versos beben da poesía verdadeiramente popular, ademais da lírica neotrobadoresca que Álvarez Blázquez tan ben coñecía e practicou. É un libro que pode entrar no xénero da poesía infantil: *Fuxe chuvia, fuxe sol/ fuxe roda de color/ que a meniña quer brincar/ coas areas do areal*, pero que figura entre as obras poéticas galegas máis sólidas da primeira metade do século XX. Como mostra, os propios versos que xiran ao redor do nome da cativa: *Como andábamos a rir, ventureiriña do monte!, chamámoste Colorín...*.

Aquí podedes escoitar dous dos temas gravados por Eloi Caldeiro para o disco: *Ai Nena!*, e *No rego do prado*.

